



POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS PENAIS E ANTISUBORNO

APROBADO POLO ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN:

Decembro 2023

CONTROL DE MODIFICACIONES

VERSIÓN- APARTADOS	COMENTARIOS- DATA
V.0.- documento inicial	En vigor desde o 19/09/2018
V.1.- cambios menores en formato	Aprobado polo OCP 22/10/2020
V.2.- adecuación e actualización de contido (global)	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 26/11/2021 e Órgano de Administración 03/2022
V.3.- actualización do obxectivos – punto relativo ao SII conforme á Lei 2/2023, de 20 de febreiro	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 29/11/2023 e Órgano de Administración 12/2023

ÍNDICE

1.	FINALIDADE E OBXECTO	4
2.	ALCANCE.....	4
3.	OBXECTIVOS.....	5
4.	ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN	6

1. FINALIDADE E OBXECTO

O órgano de goberno de INTEGRA MANTENIMIENTO, GESTIÓN Y SISTEMAS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.L. (en diante, INTEGRA) adquire e impulsa o compromiso da organización por cumprir coa lexislación vixente, a normativa interna e os principios e valores éticos, proporcionando para iso os recursos necesarios para implantar, desenvolver, manter e mellorar de forma continua un Sistema Integral de Xestión de Compliance Penal e Antisuborno cuxo obxectivo se centra na prevención, detección e reacción ante calquera tipo de risco penal en xeral e, en particular, en materia de suborno asociado aos diferentes tipos de negocio, relacións e procesos corporativos.

Esta política está aliñada cos Principios reitores de prevención e o catálogo de descrición de condutas prohibidas, os valores e normas éticas de conduta recollidos no Código ético de INTEGRA, como son a transparencia, o cumprimento legal, o respecto e a dignidade ás persoas, o respecto aos dereitos humanos e liberdades públicas, a honestidade, a boa fe, a integridade de conduta e o sentido común.

2. ALCANCE

Esta Política integrada de prevención de riscos penais e antisuborno resulta de aplicación a todas as actividades e é de obrigado cumprimento por todos os membros de INTEGRA, con independencia do cargo ou posto que ocupen dentro da organización, o tipo de relación e a súa localización xeográfica a nivel nacional.

Doutra banda, a política será extensiva ás relacións mantidas con terceiros, socios de negocio, persoas que actúen ou realicen actividades en nome da organización, filiais estranxeiras e sociedades participadas non controladas, na medida en que poidan supor un risco crítico ou grave para a organización conforme o establecido nos procedementos de dilixencia debida. Todos eles deberán coñecela e aplicala no seu ámbito de actuación profesional.

No suposto das sociedades ou entidades que quedan baixo o control de INTEGRA, será de aplicación esta política mediante a fórmula de adhesión e/ou adopción do Sistema Integral de Xestión de Compliance Penal e Antisuborno.

3. OBXECTIVOS

Os principais obxectivos desta política son:

- ❖ O seguimento dos criterios do Código Ético, que recolle o compromiso de INTEGRRA cos principios de ética empresarial e a transparencia en todos os ámbitos de actuación, e o regulamento dos comportamentos éticos e responsables de todos os profesionais de INTEGRRA no desenvolvemento da súa actividade, así como as consecuencias derivadas do incumprimento.
- ❖ A implantación e o desenvolvemento efectivo dunha cultura ética e de cumprimento da legalidade entre todos os membros de INTEGRRA, con independencia do lugar de traballo e da localización na que exerzan as súas funcións.
- ❖ A tolerancia cero e prohibición expresa de calquera acto delituoso, ilícito ou contrario aos valores e principios do Código ético, incluíndo o suborno, co obxectivo final de asegurar que tanto as relacións internas como externas estean sempre presididas polos valores éticos de INTEGRRA mediante unha actuación eficiente e orientada á excelencia e calidade en todos os seus servizos.
- ❖ Nomeamento dun órgano colexiado de cumprimento en materia de prevención de delitos, incluído o suborno, dotándoo dos recursos materiais e humanos suficientes para levar a cabo a súa tarefa e fomentando a súa formación continua co obxectivo de asegurar o liderado, a autonomía e a independencia no exercicio do cargo, con dependencia e acceso directo do órgano de goberno.
- ❖ A comunicación, formación, sensibilización e concienciación adecuada aos membros de INTEGRRA e eventualmente aos socios de negocio e outros grupos de interese que así o requiran, sobre o contido, requisitos e natureza do Sistema Integral de Xestión de Compliance Penal e Antisuborno, co obxectivo de conseguir a máxima eficacia e o desenvolvemento dunha cultura ética e de cumprimento da legalidade no exercicio das nosas actividades.
- ❖ A obriga de informar por parte dos membros da organización sobre a concorrencia de calquera feito ou conduta irregular que poida supor un risco penal ou de suborno.

Na mesma liña, requírese que calquera terceiro que teña coñecemento ou sospeita de devandita situación o comunique directamente á organización. Para iso, creouse unha Canle Ética, integrada dentro do Sistema Interno da Información, xunto coa súa correspondente política, procedemento e figura responsable da súa adecuada xestión e tramitación fronte á recepción de irregularidades ou incumprimentos do Sistema Integral de Xestión de Compliance Penal e Antisuborno, garantindo o respecto dos dereitos fundamentais concorrentes, especialmente a confidencialidade, o anonimato e a ausencia de represalias ante o denunciante ou informante de boa fe.

- ❖ O establecemento de procedementos que desenvolvan e supervisen o sistema de xestión de *compliance* penal e antisuborno co obxectivo de lograr unha xestión eficaz deles mediante o establecemento de indicadores adecuados para avaliar o grao de implantación efectiva, as non-conformidades e as accións correctivas, dentro dun proceso de revisión e mellora continuas.
- ❖ A adopción das medidas disciplinarias pertinentes ante eventuais riscos e incumprimentos do sistema de xestión de *compliance* penal e antisuborno, así como ante a comisión de calquera conduta ilícita ou delituosa, consideradas para estes efectos como infracción moi grave por transgresión da boa fe contractual, todo isto sen prexuízo de calquera outro tipo de responsabilidades legais ou contractuais que puidesen derivarse destas condutas.

4. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN

A entrada en vigor desta política terá lugar no mesmo momento da data de aprobación, modificación ou actualización do presente documento.

Será obxecto de publicación e difusión para o seu axeitado coñecemento, atopándose a disposición e consulta na web corporativa.

Con carácter ordinario, INTEGRÁ revisará o seu contido coa periodicidade establecida no seu sistema de información documentada e de forma extraordinaria cando concorran circunstancias significativas de carácter legal, organizativo ou de calquera outra natureza que xustifiquen a súa adaptación e/ou actualización inmediata.